

EXPTE. 2018/C004/000012

ACTA DE APERTURA DO SOBRE B DE “CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA MEDIANTE FÓRMULAS”, PARA A ADXUDICACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA), DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA DA OFICIA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA

Tipo de licitación: 26.000 €/ano, Ive incluído.

Na Sala de Comisións do Concello de Mugardos, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de xaneiro do ano dous mil dezanove, constituíuse a Mesa de Contratación baixo a presidencia da sra. Alcaldesa, Dna. Maria Pilar Diaz Otero, coa asistencia dos/as vogais D. Rafael Bermúdez Iglesias, secretario da corporación, Dna. Ana María Gómez Peña, interventora municipal, e Dna. Carmen Piñeiro Lemos, arquitecta técnica municipal e a funcionaria Dna. Beatriz Santiago Yáñez, en calidade de secretaria da mesa de contratación, e, como asistente da secretaria o técnico de administración xeral, D. David Beceiro Rivas, para proceder á realización dos actos epigrafiados e para o que se ten insertado anuncio no perfil do contratante, integrado na plataforma de contratación do sector público, de acordo co disposto na Cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación.

1.- Acto de apertura sobre B de “criterios non avaliáveis de forma automática mediante fórmulas”:

Procédese á apertura do sobre B da empresa presentada:

NIF: 32839521Y ALEJANDRO GARCÍA VIROSTA

De seguido a Mesa de Contratación, á vista do anteriormente exposto, e de acordo ao disposto no prego de condicións que rexe a contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Que a documentación contida no devandito Sobre “B” de “criterios non avaliáveis de forma automática mediante fórmulas” pase a exame da arquitecta, Dna. Olga Fra Gálvez, aos efectos da emisión de informe asignando a ponderación que corresponda a oferta presentada conforme aos criterios non avaliáveis mediante fórmulas establecidos no apartado 12.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, levántase o mesmo pola sra. Alcaldesa ás nove horas e cincuenta e oito minutos do día ao comezo sinalado, de todo o cal, eu, como secretaria da Mesa, dou fe.